



**Circular nº 2/2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se desenvolve a Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para o curso 2015-2016.**

Co fin de ditar as oportunas instrucións para dar cumprimento ao establecido na Orde do 22 de abril de 2010 (DOG do 4 de maio), pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e fixar o correspondente calendario do referido procedemento de reclamacións, convén ditar unha circular que actualice os prazos previstos para o presente curso 2015/2016.

Para tal fin, e de conformidade co establecido na disposición derradeira primeira da Orde do 22 de abril de 2010, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións:

#### **Primeira. Revisión das cualificacións**

1. O procedemento fixado pola Orde do 22 de abril de 2010 e pola presente circular refírese exclusivamente ás cualificacións finais obtidas nas materias de segundo curso de bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na convocatoria ordinaria e extraordinaria, contra as que se pode presentar reclamación nos termos establecidos no punto 1 do artigo segundo da citada Orde do 22 de abril de 2010.

2. De conformidade co expresado no punto anterior, as reclamacións feitas polo alumnado de segundo curso sobre as cualificacións obtidas na materia ou nas materias pendentes de primeiro curso deberán atenderse previamente, segundo o disposto na Orde do 28 de agosto de 1995 (BOE do 20 de setembro) pola que se garante o dereito dos alumnos de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme criterios obxectivos, norma de aplicación con carácter supletorio na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Segunda. Reclamacións ante o centro**

##### **a) Lugar e prazo de presentación**

As reclamacións contra as cualificacións finais obtidas nas materias de segundo curso de bacharelato presentaranse por escrito, no centro no que se cursaran, dirixidas á dirección, nos seguintes prazos:



**Convocatoria ordinaria: 24 e 25 de maio de 2016 (ata as 14.00 horas).**

**Convocatoria extraordinaria: 5 e 6 de setembro de 2016 (ata as 14.00 horas).**

b) Resolución

1. A resolución do departamento correspondente deberá ser motivada, para o que se terá en conta:

Na convocatoria ordinaria:

- O informe documentado do profesor ou profesora da materia.
- As avaliacións realizadas ao alumnado.
- Os exames e traballos realizados durante o curso.
- A programación didáctica.

Na convocatoria extraordinaria:

- O informe documentado do profesor ou profesora da materia.
- A correspondente proba.
- A programación didáctica.

2. Ademais, na resolución indicárase que contra ela o alumnado ou os seus representantes legais poden solicitar que a dirección remita o expediente de reclamación á comisión de supervisión, sinalando o prazo e o lugar de presentación desa solicitude nos termos que figuran no apartado a) da instrución terceira desta circular.

3. O departamento emitirá un informe, que se remitirá así mesmo á comisión de supervisión, tal e como establece o punto 3 do artigo segundo da Orde do 22 de abril de 2010, no que se recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise realizada das actuacións seguidas no proceso de avaliación e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión.

c) Notificación

1. A dirección do centro, ao establecer o calendario do presente procedemento, deberá fixar a data do acto no que se procederá a entregar aos/ás interesados/as a resolución do departamento, de rectificación ou ratificación da cualificación outorgada.



2. No devandito acto, o alumno ou a alumna, ou os seus representantes legais, asinarán unha copia da resolución na que se fará constar a data e a hora de entrega. Nos casos de non comparecencia, o/a director/a estenderá a oportuna dilixencia onde se indique a dita circunstancia.

d) Efectos

No caso de que o departamento considerase procedente rectificar a cualificación reclamada e logo de transcorrido o prazo de 24 horas, ao que se refire o apartado a) da instrución terceira desta circular, sen que o/a interesado/a manifestase o seu desexo de elevar a reclamación ante a comisión de supervisión, a dirección do centro ordenará formalmente a dita rectificación e estenderase a oportuna dilixencia na acta de avaliación e no expediente do/a interesado/a, onde se faga constar a data da resolución do departamento correspondente.

**Terceira. Reclamacións ante a comisión de supervisión**

a) Lugar e prazo de presentación

No prazo de 24 horas, contadas desde a notificación da resolución á que se refire o apartado c) da instrución segunda desta circular, o alumno ou a alumna, ou os seus representantes legais, poden solicitar por escrito no centro no que presentou a súa reclamación que a dirección remita o expediente de reclamación ao/á presidente/a da comisión de supervisión.

b) Comunicación á comisión de supervisión

Rematado o prazo ao que se refire o apartado a) desta instrución, a dirección do centro comunicará á comisión de supervisión a relación de alumnado que presentou reclamación ante a dita comisión, con indicación da materia ou materias obxecto de reclamación.

Esa comunicación, dirixida á persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, farase mediante correo electrónico dirixido a ***inspeccion.educativa.sc@xunta.es*** e con copia a ***scpie@edu.xunta.es***, con indicación do seu carácter urxente, e enviarase no seguinte prazo:

**Convocatoria ordinaria: antes das 14.00 horas do 30 de maio de 2016.**

**Convocatoria extraordinaria: antes das 18.00 horas do 7 de setembro de 2016.**



### c) Confección do expediente de reclamación

1. Cada expediente de reclamación referirase a un só alumno ou alumna e a unha soa materia.

2. Os documentos que conforman cada expediente son os seguintes:

- Copia da reclamación razoada presentada polo alumno ou a alumna, ou polos seus representantes legais.
- Escrito do alumno ou alumna, ou dos seus representantes legais, onde se manifeste o seu desexo de que o expediente de reclamación se remita á comisión de supervisión.
- Copia da resolución motivada do departamento da materia da que se solicita a revisión.
- Copia do informe do departamento que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tiveran lugar, a análise do proceso de avaliación realizada conforme os puntos establecidos na Orde do 22 de abril de 2010 e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto da revisión, tal e como indica o punto 3 do artigo segundo desa orde.
- Copia da programación didáctica do departamento da materia da que se solicita revisión.
- Copia da acta de avaliación final do curso e grupo da persoa reclamante.
- Informe da dirección do centro no que conste a data de entrega das cualificacións, as actuacións do centro e a información adicional de que dispoña.

3. No caso da convocatoria ordinaria, ademais dos documentos indicados no punto anterior, incorporaranse a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor ou profesora da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista de todas as avaliacións, da información adicional de que dispoña e das posibles incidencias habidas ao longo do curso.
- Copia dos exames, traballos e demais material elaborado polo alumnado ao longo do curso na materia obxecto da reclamación.

4. No caso da convocatoria extraordinaria, ademais dos documentos indicados no punto 2, incorporaranse a cada expediente os seguintes documentos:

- Informe documentado do profesor ou profesora da materia respecto da procedencia ou non da rectificación da cualificación final outorgada, á vista da proba extraordinaria.
- Copia da citada proba extraordinaria.



d) Remisión do expediente

Debido á **urxencia da recepción dos expedientes**, que deberán ser revisados e avaliados pola comisión de supervisión co tempo suficiente para poder emitir unha resolución antes da matrícula na PAU, é preciso que a dirección do centro garanta o procedemento oportuno para que os expedientes de reclamación orixinais sexan recibidos pola comisión de supervisión, no seguinte enderezo e cos seguintes prazos:

Presidente/a da Comisión de supervisión de reclamacións de segundo de bacharelato  
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
(Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo)  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Ed. Administrativo San Caetano. 15781 Santiago de Compostela

**Convocatoria ordinaria: recepción antes das 14.00 horas do 31 de maio de 2016.**

**Convocatoria extraordinaria: recepción antes das 14.00 horas do 8 de setembro de 2016.**

e) Resolución

1. A comisión de supervisión estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo e constituída por un inspector ou unha inspectora e unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, membro dos grupos de traballo na proba de acceso á universidade. A comisión estará asistida por unha subcomisión técnica especializada para que emita o informe correspondente.

2. O/a presidente/a da comisión de supervisión convocará os membros correspondentes da subcomisión técnica, formada por un/unha inspector/a de Educación e un/unha profesor/a, preferentemente membros dos grupos de traballo das materias obxecto de exame na proba de acceso á universidade (PAU) afectados polas reclamacións presentadas ou, no caso de reclamación a materias optativas que non sexan obxecto de exame na proba de acceso á universidade, convocaranse dúas persoas especialistas na materia en cuestión, para que emitan os correspondentes informes.

3. A comisión de supervisión, á vista da documentación que conste no expediente e dos informes emitidos pola subcomisión técnica, resolverá no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes do inicio da proba de acceso á universidade.



f) Notificación

1. O acordo adoptado pola comisión de supervisión terá efectos plenos e deberá ser notificado ao/á interesado/a a través da dirección do centro e, no caso de que supoña que o alumnado poida realizar a PAU, á Comisión Interuniversitaria de Galicia.

2. Contra a resolución da comisión de supervisión, que esgota a vía administrativa, o interesado ou a interesada, ou os seus representantes legais, poderán interpor recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

g) Efectos

No caso de que a comisión de supervisión considerase procedente rectificar a cualificación reclamada, a dirección do centro ordenará formalmente dita rectificación e estenderase a oportuna dilixencia na acta de avaliación e no expediente do interesado ou da interesada, facéndose constar a data da resolución da comisión de supervisión.

**Cuarta. Publicidade**

As direccións dos centros públicos e privados nos que se imparte bacharelato adoptarán as medidas precisas para que todo o alumnado de 2º de bacharelato coñeza o contido desta circular.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2016.

O Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López

**Xefes/as territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**  
**Xefes/as dos servizos territoriais de Inspección Educativa.**  
**Directores/as dos centros públicos e privados nos que se imparte bacharelato**